


O tímpano de San Martiño e os seus persoeiros

Identificadas as figuras desta peza da antiga sancristía que alberga o Museo de Pontevedra desde o ano 1927



Mostra das imaxes pequenas de Fernando Arias e Fernando II. | // FDV

Antonio Costa Iglesias

Moaña | 13·11·22 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2022/11/13/o-timpano-san-martino-seus-78488555.html>

O investigador moañés en prehistoria e arqueoloxía Antonio Costa Iglesias deu a coñecer na velada cultural das Festas de San Martiño de Moaña, o traballo de identificación dos persoeiros do tímpano da antiga sancristía da igrexa parroquial, que garda o Museo de Pontevedra desde 1927 procedente dun muro cercano ó templo. No anverso está representada a apoteoses de San_Martiño con cinco figuras. A pequena a dereita a identifica con Fernando II, rei de Galicia, falecido no 1188. Ten a postura semellante ós dos sepulcros de Fernando II, Alfonso VIII ou Raimundo de Borgoña na Catedral de Santiago

O Museo de Pontevedra alberga desde o ano 1927 un tímpano gravado polas dúas caras procedente de un muro cercano a igrexa de San Martiño. Trátase de unha peza lixeiramente apuntada semellante en composición ó tímpano occidental, pero posiblemente mais moderno, do primeiro cuarto do século XIII, a xulgar polo seu estilo. No seu anverso, moi desgastado pola erosión e por permanecer exposto en un muro desde 1763 cando se derrubou a ábsida da sancristía e comezou a edificación da actual, está representada a apoteoses de San Martiño. **Unha mandorla apuntada con un personaxe barbado, porta unha mitra apuntada adornada con unha cinta perimetral ou circulus e un galón vertical ou titulus apenas perceptibles.** Os brazos a altura da cintura coa man esquerda no peito e a dereita alzada en xesto de bendición. **As máns, como toda a figura amosa distintas mutilacións produto dos seus avatares históricos.** Viste unha túnica até os tornecelos e con diversos pregues moi visibles nos ombreiros e nos laterais das pernas. Baixo ela unha roupa interior apuntada. Parece portar unha estola con algún gravado moi tenue nos seus remates.

A mandorla está sostida por unha parella de anxos de tosca factura coas asas despregadas en sentido vertical seguindo a liña perimetral do tímpano, as do situado a esquerda do santo, recortadas para deixar espazo para a figura que ten o seu carón. Visten unha curta roupa cinguida a cintura con senllos cingulos. A do que está a dereita do santo remata en unha cenefa apuntada da que carece o outro. Calzan botas curtas.

Nos vértices inferiores do tímpano dúas pequenas figuras, probablemente xacentes, pois non debemos esquecer que o tímpano esta feito para contemplar desde un punto de vista baixo e non frontal como na súa representación gráfica.



Unha das figuras pequenas do tímpano. | Arquivo do autor

A figura da esquerda e probable que fora esculpida cando o tímpano xa estaba feito, pois para o seu encaixe folgado foi necesario recortar as asas do anxo. A pesar do seu grao de erosión, semella estar deitado coa cabeza apoiada na man dereita e a esquerda sobre o ventre e os seus ollos pechados. **Creemos que representa a Fernando Arias, a quen o rei lle donara a herdade de Sabaceda** onde estaba a antiga igrexa prerrománica de San Martiño de Moaña, xa falecido, polo que o tímpano sería posterior o 1204/11 que son as datas que se manexan sobre a súa morte. Neste caso figura representado como si de un rei se tratase en concordancia coa amizade coa que o rei honraba.

A figura da dereita está en posición especular con respecto a anterior co seu brazo esquerdo levantado e a cabeza apoiada nel e o dereito cruzado sobre o ventre. Presenta coroa e barba polo que o identificamos con Fernando II, rei de Galicia que falecera no 1188.

Estas posturas son semellantes as que amosan os sepulcros de Fernando II, Afonso VIII ou Raimundo de Borgoña no Panteón dos reis de Galicia na Catedral de Compostela pero condicionadas pola limitación do espazo dispoñible. A súa actitude é durminte como acontece cos outros sepulcros cos que comparte espazo. O rei durme agardando a volta a vida, aspecto este que se reflicte no pensamento medieval.



A outra das figuras pequenas do tímpano que o autor identifica como Fernando II. Arquivo do autor


Unha das cuestións as que haberá que tentar dar resposta e a autoría da persoa encargada da elección dos motivos a representar nos distintos tímpanos de esta igrexa. Si ben durante os trece anos que durou a construción puido ser Arias o que dirixía as obras, e certo que non permaneceu todo o tempo en Moaña, pois aparece citado como testemuña en varios documentos reais asinados fora dela. O rei faleceu catro anos despois de empezar a construción da igrexa despois de unha longa enfermidade.

Nos nove anos seguintes rematouse a igrexa e probablemente iniciouse a construción da sancristía para a que se deseñou o tímpano que habería de rematar a homenaxe a figura do rei. A análise escultórica e construtiva de ese tímpano permite identificar dous momentos distintos anque, moi achegados no tempo.

No anverso talláronse as figuras centrais: o San Martiño e os dous anxos gardiáns con vestidos e calzado impropios de ese tipo de representación e o rei durminte. Debeu quedar previsto o oco para esculpir a figura de Arias cando chegara o seu pasamento. Un erro no espacio que iba a ocupar a súa figura fixo que se recortaran as asas do anxo para facerlle cabida.

O reverso do tímpano presenta un relevo algo menos pronunciado. Unha liña divide o vértice do resto do campo rebaixado, no que están esculpidos no centro unha cruz de San Andrés mixta de lazos e grega alancetada con mango para hastil. Baixo ela dúas pequenas aves coas cabezas voltas hacia a cola, similares as do tímpano pentagonal da porta setentrional. Nos vértices inferiores dúas rosáceas de seis pétalos con botón central inscritas en cadanseu círculo e sobre estas dous animais: a dereita un ave grande de forte peteiro e a esquerda un león correndo coa cabeza volta hacia atrás coa boca entreaberta, con poutas e a cola cinguida no ventre.

Despois de un traballo minucioso e exhaustivo empregando a fotogrametría, creo estar en condicións de asegurar que estas figuras son as mesmas que están no tímpano da porta principal. Iso convirte a esta igrexa en un monumento único en Galicia, pois nas mais de cincocentas igrexas románicas deste período, non teño constancia da presenza de alomenos dúas representacións do monarca en ningunha delas. Ben é certo que sucesivas investigacións poidan mudar esta percepción.



Antonio Costa Iglesias

(*)Investigador moañés, foi membro da Sección de Prehistoria e Arqueoloxía do Instituto Padre Sarmiento e autor da primeira escavación da Torre de Meira no 1978.